



CONCURSO-OPOSICIÓN PARA O NOMEAMENTO DUN/HA TÉCNICO/A DE XESTIÓN XURÍDICA, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A, POR PROGRAMA.

Expdte. 2023/E001/000001

PUNTUACIÓNS ACADADAS NA FASE DE OPOSICIÓN E RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO

Polo presente faise publico que o órgano de selección designado neste proceso, en sesión celebrada o día 28/09/2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar eliminada deste proceso selectivo á aspirante D^a. Xiana Otero Abad, por non ter comparecido á realización da proba correspondente ao suposto práctico da fase de oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

SEGUNDO.- Consonte coa base 9^a das reguladoras da convocatoria, declarar aprobado na proba da fase de oposición ao único aspirante que participa neste proceso selectivo, D. Francisco Javier Sánchez Muñoz, por ter acadado unha puntuación de 5,50 e polo tanto superior á mínima establecida de 3 puntos, publicando, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo, a puntuación obtida, que é a seguinte:

ASPIRANTE	DNI	Concurso	Oposición	Total
FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ MUÑOZ	***4125**	4	5,50	9,50

TERCEIRO.- Formular proposta de nomeamento a favor de D. FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ MUÑOZ, por ter superado as probas deste proceso de selección, toda vez que está exento da realización da proba de galego, ao acreditar estar en posesión do Celga 4 ou equivalente.

CUARTO.- Informar ao candidato proposto que consonte se establece na base décimo segunda das reguladoras deste procedemento, previamente ao seu nomeamento, no prazo de dez (10) días naturais dende a proposta do nomeamento, deberá xustificar os seguintes requisitos:

- Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso e por falsidade na dita declaración, puidesen incorrer):
 - Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en situación de inhabilitación para emprego ou cargo público de carácter absoluto ou especial que imposibilite a ocupación e desempeño da praza convocada.
 - Non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño da praza convocada, e referida ao momento da toma de posesión.
 - Seguir reunindo todos e cada un dos restantes requisitos esixidos, e xa acreditados, para presentarse ao proceso selectivo.
- Certificado médico oficial e actualizado (non superior a tres (3) meses dende a súa expedición) asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que se posúe a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e/ou tarefas inherentes á praza convocada.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos.

QUINTO.- Elevar esta proposta á Xunta de Goberno Local.

SEXTO.- Dar por concluído este proceso selectivo.

Neda, na data que se indica na sinatura dixital.

O Presidente o Órgano de Selección.

Asdo.: Alejandro R. Antelo Martínez.